

Como todos sabedes a tempada de fútbol 2017-2018 deuse por finalizada o pasado fin de semana.

Unha tempada marcada por grandes éxitos deportivos para o noso Club, cabe salientar :

- O ascenso do equipo Senior Español S.D.
- O ascenso do equipo Xuvenil de Liga Nacional a División de Honor (facendo historia no noso Club)
- O equipo Infantil A quedou Subcampeón da Copa Galega Infantil.
- Dos mais pequenos da nosa casa o Prebenxamín A, quedou Campeón de Liga, Campeón Galego da zona Norte , Campeón Galego absoluto e Subcampeón do Mini Teresa herrera.
- O equipo Benxamín B, campeón da Copa Afac.

O resto de equipos, todos moi ben, na súa liña, mantiveron as súas respectivas categorías, tanto nas de Fútbol 11 como nas de Fútbol8.

Queremos celebrar convosco que a **Real Federación Galega de Fútbol outorgou o noso Club a distinción na categoría de Club Referente no Fútbol Base de Galicia**, polo traballo de promoción do fútbol base levado a cabo na Delegación da RFGF en A Coruña, e que nos converte nunha referencia en todo o fútbol da nosa comunidade.

Desde o noso Club queremos expresar o noso máis sentido agradecemento a todos os

xogadores, adestradores, coordinadores e, como non, ós sempre sufridores país, que contribuístes de diferentes maneiras a que esta tempada fora un éxito.

Grazas polo interese que sempre mostrades, pola vosa disposición e polo voso apoio, o que fai que sigamos traballando con ilusión e con empeño por mellorar.

OS NOSOS PARABÉNS!!!

Agora toca un merecido descanso.

FELIZ VERÁN A TODOS!!!